



## CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: [info@beade.es](mailto:info@beade.es)

### ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DIA 26 DE MAIO DE 2026.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Beade, sendo as doce horas do día vinteseis de maio de dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de D. FERNANDO TABOADA GUNTÍN, reúnen-se en sesión pública os señores membros do Concello de Beade, que de seguido se citan, para celebrar sesión plenaria de carácter ordinario. Os membros asistentes son os seguintes:

**D<sup>a</sup>. GABRIELA PÉREZ COSTA**  
**D. JORGE ANTONIO GONZÁLEZ ALARCÓN**  
**D<sup>a</sup>. SILVIA RODRÍGUEZ FERRO**  
**D. MIGUEL ÁNGEL CARREIRO ESTÉVEZ.**  
**D<sup>a</sup>. MARÍA DEL CARMEN RAMA COTELO**

Non asiste D. Adán Formigo Sánchez. Os presentes están asistidos polo Secretario-Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde del Día, que resultan ser:

**1.- APROBACION DO BORRADOR DA ACTA DA SESION CELEBRADA CON DATA 31 DE MARZO DE 2026.-** Sometida a votación a aprobación da Acta da sesión, obtense o seguinte resultado: TRES (3) VOTOS a favor e DOUS (2) votos en contra, quedando aprobada a Acta da sesión do 31 de marzo de 2026.

**2.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.-** Dase conta das Resolucións da Alcaldía remitidas aos membros do Pleno coa convocatoria da sesión.

**3.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA O RESCATE ECONÓMICO E A PROTECCIÓN DA VITICULTURA DE BEADE E DA D. O. RIBEIRO.-** Pola Sra. Rama Cotelos dase lectura a seguinte moción:

María del Carmen Rama Cotelos e Miguel Ángel Carreiro Estévez, concelleiros do Grupo Municipal Socialista de Beade e ao abeiro da lexislación vixente, eleva ao Pleno para o seu debate e posterior aprobación o seguinte asunto:

**MOCIÓN PARA O RESCATE ECONÓMICO E A PROTECCIÓN DA VITICULTURA DE BEADE E DA D.O. RIBEIRO.**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

A viticultura é o alicerce económico e social de Beade. Porén, a nosa Denominación de Orixe atravesamos unha crise de rendabilidade que ameaza a supervivencia de centos de familias. Os datos resultan evidentes: o valor da produción caeu un 30% na última década e o prezo medio por litro (4,35 euros) é o máis baixo de toda Galicia, situándose en moitos casos por debaixo dos custos de produción.

A esta precariedade económica súmase o impacto devastador das pragas e un sistema de seguros agrarios que non responde ás necesidades reais do noso territorio.

Ante esta situación, a Corporación de Beade non pode limitarse á promoción de proxectos (na D.O.) de concentración de terras ou polígonos agrofornestais que, a miúdo xeran incerteza sobre quen acabará explotando o noso territorio. O futuro de Beade non pasa só por "mover os marcos", senón por garantir que o sector da viticultura de sempre poida vivir con dignidade do seu traballo, que a mocidade teña facilidades reais para o relevo e que o beneficio do viñado que nas nosas parroquias e non nas mans dos grandes grupos ou intereses foráneos.



## CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: [info@beade.es](mailto:info@beade.es)

É o intre de que este Concello lidere unha defensa firme do sector ante todas as Administracións, priorizando o benestar da nosa veciñanza por riba de calquera outro sector ou estratexia partidista.

### ACORDOS:

**Plans de axudas directas:** Instar ás Administracións competentes (Xunta de Galicia e Goberno de España) a crear un fondo extraordinario de axudas directas para compensar as perdas por pragas e o sobrecusto dos tratamentos fitosanitarios. Asegurando que ditas axudas cheguen de forma efectiva ao pequeno e mediano viticultor de Beade.

**Reforma do sistema de seguros:** Esixir formalmente a modificación das pólizas de seguros agrarios para que cubran con eficacia as perdas por enfermidades fúxicas e fenómenos climáticos extremos, adaptándose á realidade técnica do minifundio galego.

**Defensa do modelo social de explotación:** O Concello de Beade comprométese a priorizar, en calquera proxecto de mobilidade de terras ou polígonos agroforestais, o acceso ás parcelas da veciñanza do municipio e á mocidade emprendedora local, evitando a concentración da terra en mans de grandes empresas alleas á comunidade autónoma galega.

2

**Garantía de prezos xustos:** Demandar o cumprimento estritos da Lei de Cadea Alimentaria para asegurar que ningún viticultor/a de Beade perciba un prezo inferior aos seus custos de produción, impulsando ademais campañas de promoción que dignifiquen o valor do noso viño no mercado.

**Bonificacións fiscais locais:** Tramitar unha redución de ata o 95% no Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI) de natureza rústica para aquelas explotacións familiares que manteñan os seus viñedos en produción activa, como edida de apoio fronte ao abandono do rural neste país.

Beade, 18 de maio do 2026

Asdo.: M.ª del Carmen Rama Cotelo  
Voceira do Grupo Municipal Socialista

AO PLENO E Á ALCALDÍA DO CONCELLO DE  
BEADE (OURENSE).

3



---

## CONCELLO DE BEADE

P32011001

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: [info@beade.es](mailto:info@beade.es)

---

Intervén a representante de Avide para preguntar se o IBI de rústica está exento, e o Alcalde confirmalle que si. Tamén comenta que existen axudas da Xunta para os danos causados polos xabaríns.

O Alcalde comenta que se trata dunha moción xeneralizada para os concellos que non se atopa adaptada ao concello de Beade e engade que xa se están tomando medidas como a concentración de terras e que xa piden todas as axudas directas posibles a outras administracións. Tamén comenta que o prezo da uva dos últimos anos non estivo mal pagada en Beade e a xente tamén podía negociar a quen lla vendía. A única pega da moción será o punto do IBI, que non encaixa ao suposto de Beade.

O Sr. Carreiro Estévez comenta que non está de acordo para nada co Alcalde e conta a súa experiencia tras traballar as viñas durante 20 anos.

O Alcalde explica por que cre que o modelo parcelario non sería un modelo adecuado para Beade, por ser demasiado longo no tempo.

Coméntase tamén a idea de facer algunha actuación na nave próxima á baixada da barca, chamada a "porqueira", pero descoñécese a posibilidade de actuar nela de acordo co PXOM actual.

A representante de Avide tamén comenta que a moción é máis pensada en xeral que en Beade e engade que hai moita xente nova traballando as terras e que estaría ben que o Concello promovese axudas a todos os que traballan a terra. Ademais, comenta que hoxe en día o Consello Regulador é o que está a presionar aos viticultores. Tamén comenta que coincide coa opinión ao respecto do Alcalde de Arnoia, que se publicou hai uns días en prensa.

Debátese entre a representante de Avide e o Alcalde o carácter político ou non do Consello Regulador e sobre a incidencia que teñen nel os Concellos.

O Alcalde comenta que está disposto a apoiar a moción se se retira o punto de rebaixa do IBI, por non ser aplicable a Beade, o que é aceptado polo grupo socialista. Tamén engade que as bonificacións do 95% non teñen moito sentido desde o punto de vista administrativo, xa que custaría máis emitir e enviar o recibo que o recadado.

Sometida a votación a moción, da que se retira a bonificación do IBI rústica, aprobase por UANIMIDADE dos presentes.



## CONCELLO DE BEADE

P32011001

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: [info@beade.es](mailto:info@beade.es)

### 4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE A "PRIORIDADE NACIONAL".- Intervén a Sra. Rama Cotelo para explicar a moción, cuido texto é o seguinte:

PSG  
PSOE

MOCIÓN  
Grupo Municipal

O Grupo Municipal Socialista no Concello de Beade, en base ó disposto nos artigos 22.2, 92.3, 91.4, 97.3 e 126.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que podan resultar de aplicación, presenta esta **PROPOSTA DE ACORDO** por medio da presente escrita ó concelleiro Miguel Ángel Carreiro Estévez e á concelleira M<sup>a</sup> del Carmen Rama Cotelo

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Das últimas semanas adquiren unha notable presenza no debate público o concepto de "prioridade nacional", especialmente a raíz dos acordos de goberno subscritos entre o Partido Popular e Vox en distintas comunidades foráneas, como Extremadura e Aragón. Este termo, que VOX emiteiros que deberá ser incluído en todos os pactos de goberno que firme o PP, sitúase no centro da discusión política pola súa potencial conflito cos principios de igualdade, cohesión social e co propio marco constitucional e autonómico.

A denominada "prioridade nacional", xurdiu no seo das organizacións ultradereitistas francesas durante a segunda metade do século XX, presentouse habitualmente como un criterio de preferencia no acceso a determinados servizos, prestacións ou dereitos en favor das persoas con nacionalidade española fronte ás estranxeiras. Neste sentido, distintos responsables políticos de VOX declararon que, a través deste acordo, os gobernos rexionais teñen a obriga de establecer unha circuitula transversal que condicione o acceso da poboación migrante a calquera tipo de axudas sociais, servizos públicos ou prestacións asistenciais, formulando en todo momento a necesidade de priorizar aos nacionais en contextos de recursos limitados.

Porén, esta non é a única interpretación que se realizou sobre este principio, e mandos Jorge Azcón ou María Guardiola non chegaron a aclarar de forma explícita como vai aplicarse este principio no deseño de leis e políticas públicas, outros discursos como

PSG  
PSOE

MOCIÓN  
Grupo Municipal

Alberto Núñez Feijóo ou Miguel Tellado trataron de mitigar o seu alcance, circunscribindo a criterios de arraigamento, contribución ou tempo de residencia.

En todo caso, un dos posicionamentos máis favorables do Partido Popular respecto a este principio foi o expresado polo propio Alfonso Rueda, que, tras un Consello da Xunta, aclarou que lle parecía unha medida de "absoluto sentido común" e consideraba que "aquelas persoas que levaban tempo cotizando" tiñan un dereito preferente no acceso aos servizos públicos ou ás prestacións sociais.

Convén lembrar que o ordenamento xurídico español, en consonancia cos principios constitucionais e cos compromisos internacionais asumidos por España, establece un marco claro en materia de dereitos das persoas estranxeiras. A Constitución Española consagra o principio de igualdade e prohíbe calquera discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Así mesmo, a normativa vixente en materia de estranxeiría recoñece ás persoas migrantes unha serie de dereitos fundamentais, especialmente en ámbitos como a educación, a sanidade ou os servizos sociais básicos, cuxa garantía non pode quedar supeditada a criterios de nacionalidade.

En canto ao marco competencial, a Constitución atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de nacionalidade, estranxeiría e dereito de asilo, o que inclúe a regulación das condicións de entrada, permanencia e dereitos das persoas estranxeiras en España. Pola súa banda, as entidades locais, nos termos previstos na legislación de réxime local, exercen competencias en ámbitos como os servizos sociais e a promoción da integración social, así como na xestión de servizos de proximidade dirixidos á cidadanía, sempre dentro do respecto á legislación básica estatal e aos principios constitucionais.

Esta distribución competencial implica, por tanto, que as administracións locais non poden establecer, no exercicio das súas competencias, criterios que supoñan unha



## CONCELLO DE BEADE

P32011001

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: [info@beade.es](mailto:info@beade.es)

**PSGA**  
**PSOE**

**MOCIÓN**  
Grupo Municipal

restrición ou alteración dos dereitos recoñecidos ás persoas estranxeiras pola normativa estatal, nin introducir discriminacións directas ou indirectas por razón de nacionalidade no acceso a servizos públicos, nin sequer no suposto de que as administracións autonómicas impulsasen ou adoptasen medidas nesa dirección.

Neste sentido, a eventual aplicación de criterios de "prioridade nacional" por parte de administracións autonómicas podería entrar en conflito con dito marco competencial, ao afectar a dereitos cuxa configuración corresponde ao Estado, ao tempo que podería tamén comprometer os principios de igualdade e non discriminación, xerando ademais situacións de desigualdade territorial no acceso a dereitos e prestacións en función da comunidade autónoma de residencia.

Neste contexto, resulta necesario que o conxunto das institucións públicas, incluídas as administracións locais, actúen con claridade e firmeza para salvagardar os principios de igualdade, legalidade e cohesión social, evitando a implantación de medidas que poidan derivar en discriminacións ou nunha fragmentación do acceso aos dereitos en función da nacionalidade.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista somete á consideración do Pleno esta **MOCIÓN**, para que se adopte o seguinte **ACORDO**:

1. Rexeitar a implantación do denominado criterio de "prioridade nacional" en Galicia, así como de calquera medida que supoña discriminación directa ou indirecta por razón de nacemento, orixe, raza, nacionalidade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social no acceso aos servizos públicos e ás prestacións sociais.
2. Condenar calquera política pública, principio ideolóxico ou acordo de goberno que criminalice ou estigmatice ás persoas migrantes, dificulte de forma formal ou efectiva o seu acceso a dereitos básicos, ou estableza discriminacións por razón de

3

**PSGA**  
**PSOE**

**MOCIÓN**  
Grupo Municipal

nacemento, orixe, raza, nacionalidade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

3. Garantir, no exercicio das súas competencias, que o acceso aos servizos públicos e ás prestacións sociais no concello de BEADE se rexa polos principios de igualdade, non discriminación e universalidade, evitando a introdución de criterios baseados na nacionalidade que poidan vulnerar dereitos fundamentais.

4. Reforzar a coordinación coa Administración Xeral do Estado, coa Xunta de Galicia e cos aentes sociais para asegurar o cumprimento da normativa vixente en materia de estranxeiría e o respecto ao marco competencial, evitando a adopción de medidas que poidan xerar desigualdade territorial.

En BEADE, a 18 maio de 2026

Asdo. M<sup>a</sup> del Carmen Rama Coto  
Vocera do Grupo Municipal Socialista



---

## CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: [info@beade.es](mailto:info@beade.es)

---

O Alcalde comenta que esta moción volve ser de carácter xenérico e non se axusta para Beade. Se na primeira moción o grupo socialista buscaba priorizar aos traballadores do pobo, esta moción defende todo o contrario e non é procedente no Concello.

A representante de Avide comenta que en Beade tampouco aprecia discriminación cara a estranxeiros.

Sometida a moción a votación, obtense o seguinte resultado: DOS (2) votos a favor, DOUS (2) votos en contra e DŪAS (2) abstencións.

**5.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Neste punto da Orde do Día prodúcense as seguintes intervencións:

Pola representante de Avide:

Pregunta cales das mocións adoptadas polo pleno foron levadas a cabo, porque considera que se votan no pleno pero non se levan a efecto, como o control horario, gravación de plenos, camiño dos arrieros, control de gatos...

Pregunta polos criterios de selección do persoal das brigadas, aínda que se manifesta a favor do criterio de que os escollidos sexan veciños do pobo. En relación á praza fixa do operario de servizos, considera que é unha praza que só dá perdas por estar ocupada por unha persoa que non é capaz de desempeñar o seu traballo e que se atopa habitualmente de baixa.

En relación ás Resolucións da Alcaldía, pregunta pola situación laboral de José Antonio, xa que se trata dunha persoa á que se lle rescindiu a vinculación laboral co concello ao comezo do este mandato pero que segue prestando servizos puntuais ao Concello cando se dan avarías, cuestión que se debe a que o actual peón non é capaz de liquidar os problemas que ocorren.

Tamén pregunta polo pago a Simón Vázquez pola limpeza e rozadura de camiños municipais, querendo saber onde se realizou.

Sobre a compravenda de parcela rústica pregunta para que é, onde se comprou.

Sobre a adxudicación do contrato para o saneamento de Beade, pregunta en que zona se vai a realizar.

O Alcalde responde, en relación ao camiño da senda dos arrieros, que se enviou a documentación a AXI pedindo, por terceira vez, que fagan esa senda peonil no lateral.

En canto aos criterios de selección do persoal, responde que se responderá por escrito, xa que a selección é realizada por funcionarios, non pola Alcaldía.

O operario de servizos está de baixa por ter un accidente, pero é moi capaz e foi adquirindo coñecementos desde que chegou. É mentira que non dea arranxado avarías. Ten arranxado tropecentas.

Sobre a factura a José Antonio, trátase dunha obra subvencionada adxudicada a José Antonio, non dunha avaría. O mesmo ocorre coa limpeza de camiños adxudicada a Simón Vázquez.

A leira que se compra é a viña do Cuco, que sobe desde a zona do Pereiro ata a cima do coto de Santo Francisco. Preténdese realizar un camiño para que poidan circular as motobombas en caso de incendio.

Sobre o saneamento, é a obra que se está realizando na zona da Pateira.

Sobre as mocións aprobadas previamente, responde que están pendentes de levarse a cabo, pero teñen a súa complexidade. Por exemplo, a gravación dos plenos non é tan sinxela como poñer un teléfono para gravar, senón que require máis medios. Hai outras prioridades.

Polos representantes do grupo municipal socialista:

A Sra. Rama Cotelo pregunta, sobre os incendios do 15 do agosto do ano pasado, se se



---

## CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: [info@beade.es](mailto:info@beade.es)

---

reembolsou aos veciños que participaron algunha cantidade económica.

Pregunta que significa o pago á Deputación Provincial da recarga provincial do IAE 2025.

Sorpréndelle que nas resolucións de alcaldía de marzo aínda se estean pagando facturas do evento do viño do ano pasado, como a sonorización ou os sanitarios.

Pregunta a qué evento se destinaron 242 euros de pan e 143 de chourizos.

Sorpréndelle a contía das dietas de desprazamento da Alcaldía, polo que pregunta onde foi o Alcalde, para que e que beneficios para Beade revertió a xestión.

Pregunta a quen se agasallou en Reis con 31 libros por importe de 465 euros.

Pregunta tamén polo envío dunha coroa de flores de 200 euros.

Responde o Alcalde, en relación co reembolso aos veciños, que se dixo a todos os veciños que trouxesen os seus recibos e facturas, pero descoñece cantos o fixeron.

Sobre os pagos á Deputación ou do pan e os chourizos, descoñece con exactitude os motivos, pero atópase reflectido en contabilidade.

Sobre a contía das dietas, responde que son variables porque hai meses que se ten que desprazar dous ou tres veces a Santiago e outros nos que apenas sae do pobo.

Os libros foron para os nenos do pobo menores de 14 anos.

A coroa foi polo falecemento dun familiar crecano duns dos funcionarios do Concello, é un costume habitual.

O Sr. Carreiro Estévez pregunta por qué non consta na acta da sesión anterior que á súa compañeira entregóuselle copia da solicitude en materia de HADO. Afirma que durante anos díxoselle que se lle remitían solicitudes a HADO, pero o escrito que se lle entregou no pleno pasado ten data recente, de decembro do ano pasado.

A Alcaldía respóndelle que se lle remitiu o máis recente, pero que existen outros anteriores.

Pregunta polo pago a Pablo Fernández da ITV do vehículo municipal.

Responde o Alcalde que foi o funcionario que adiantou o pago da mesma mediante cartón de crédito no momento de solicitar a cita.

Pregunta sobre os bananeiros.

Pregunta sobre o acordo en plenos anteriores de que podería remitirse factura da auga por correo electrónico a quen o solicitase. Comenta que o pediu e non se lle enviou.

En relación ao operario de servizos múltiples, considera que podería ofrecérselle algún tipo de curso ou formación.

Responde o Alcalde que non é necesario, que actualmente xa é resolutivo. Miguel comenta que o seu irmán, tamén operario do Concello, fala moi ben del.

Intervén a representante de Avide para aludir as repetidas ausencias do concelleiro Adán, se existe algunha novidade ao respecto e se a Alcaldía ten pensado adoptar algunha medida ao respecto.

A Alcaldía dá a palabra ao Sr. Secretario para que informe xuridicamente ao respecto, que responde que a lei di que ten a obrigaón de asistir e mesmo pode ser obxecto de sancións económicas. Pero na práctica non coñece ningún caso ao respecto. Ademais, debería de haber regulamento orgánico para poder impoñer sancións, cuestión que non ocorre en Beade.

A Sra. Rama Coteló comenta, sobre o evento do viño, que o Concello organizou unha misa en homenaxe a Xoan Pablo e que non lle parece de recibo que no programa do evento recóllase o funeral. Tamén aproveita o pleno para dicir unhas palabras en homenaxe a él, que entrega por escrito ao Sr. Secretario e que se reproducen a continuación:



## CONCELLO DE BEADE

P32011001

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: [info@beade.es](mailto:info@beade.es)

Alcalde, concelleiras e concelleiros e demais veciñanza de Beade:

Fago uso da palabra neste Pleno cun profundo sentimento de respecto, afecto e gratitude institucional para render unha sincera homenaxe a un home bo, xeneroso e profundamente namorado da nosa terra: Xoán Pablo Lorenzo Fariña.

Quero comezar cunha lembranza que gardo con especial agarimo no corazón. Corría o ano 2002 cando tiven a honra de coñecer a Pablo xunto a unha parte da súa prezada familia. Desde aquel primeiro encontro, resultou evidente que Pablo levaba no seu ADN a fidalguía, a integridade e o amor polas raíces que herdou de seu pai, Don Avelino Lorenzo; unha estirpe vencellada para sempre a alma profunda de O Ribeiro.

Hoxe acudimos a este consistorio de Beade para aplaudir e poñer en valor a súa extraordinaria pegada en dúas fronteas que el defendeu con idéntica paixón: o progreso económico e o servizo público á cidadanía.

No terreo profesional, Pablo foi un auténtico visionario. Nunha bisbarra bendecida polo viño, el tivo a intelixencia, a audacia e o talento de mirar máis alá, converténdose nun empresario innovador e único en Beade, coa creación de *Vinagres do Ribeiro*, demostrou que a tradición non está rifada coa vangarda. Elevou o noso prestixio dentro da Denominación de Orixe Ribeiro, transformando a materia prima do noso viñado nun produto gourmet, artesanal e ecolóxico merecedor de recoñecementos internacionais. O seu éxito en Beade non foi só un logro empresarial privado, senón un orgullo colectivo que puxo o nome do noso municipio no mapa da excelencia gastronómica.

Mais a figura de Pablo Lorenzo Fariña ficaría incompleta si non reivindicamos a súa vocación política e social. Pablo entendía a política como unha ferramenta de entrega aos demais, un espazo

para construír e mellorar a vida da veciñanza. Queremos agradecer hoxe e de forma solemne e institucional o seu incansable traballo desde as filas do PSdeG-PSOE, onde sempre defendeu os seus ideais con gallardía e valentía, mais tamén cun absoluto respecto democrático.

Lebrámo-lo como un firme voceiro da oposición na corporación municipal de Leiro exercendo unha labora de fiscalización constructiva, rigorosa e sempre a prol do interese xeral. E, por suposto, o seu nome quedará gravado institucionalmente como un magnífico presidente da Entidade Menor de Berán. Alí, a pé de rúa, escoitando a cada home e a cada muller, e loitando por cada palmo do seu pobo, demostrou o que significa a verdadeira política de proximidade.

Pablo marchou deixando un baleiro inmenso, pero tamén un legado e unha herdanza inquebrantables de dignidade, de innovación e de entrega a Galicia. A terra do Ribeiro non se entendería sen persoas coma el. Vaia desde esta sesión plenaria do Concello de Beade o noso máis sentido recoñecemento á súa traxectoria e todo o noso agarimo e calor para a súa familia.

Que a terra che sexa leve, prezado Pablo! Moitas grazas.

Neste momento da sesión, por parte da Alcaldía levántase a mesma, sendo ás trece horas e quince minutos, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,



Asdo.: Fernando Taboada Guntín.



Asdo.: Pablo Fernández Loureiro.